

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS AULAS-TALLER DE PEITEADOS

Establecerase unha quenda rotatoria de alumnos ou alumnas axudantes supervisores ou supervisoras que, xunto co profesorado supervisarán a orde, recollida e limpeza da aula taller, que é responsabilidade do grupo, dende a entrada ata a saída das clases.

Así mesmo, tamén serán os encargados de:

- Colocar e comprobar que os dispensadores de xabón e desinfectantes estean cheos e que o dispensador de papel non estea baleiro.
- Supervisarán ao final da clase que os utensilios de limpeza (balde, fregona, papeleiras de lixo...) se depositen limpos no seu lugar.
- Aínda que cada alumno e alumna debe recoller, limpar e desinfectar a súa área de traballo, os alumnos ou alumnas auxiliares, deberán asegurarse de que toda a aula- taller quede limpa e ordenada antes de marchar.

O Inicio das clases

Protocolo de desinfección

- Sempre toda persoa antes de entrar na aula-taller desinfecte o calzado segundo as pautas establecidas.
- Aplique xel hidroalcohólico ás mans
- Garde a chaqueta ou roupa exterior na bolsa de roupa e coloquea no colgadoiro.
- Diríxase a súa zona de taballo e coloque a mesa auxiliar e o material de traballo.
- Garde a mochila na zona de colgadoiros.
- A continuación, realice a hixiene das mans e uñas con auga e xabón, sequeas con papel e deposíteo na papeleira de lixo con tapa e pedal.
- Volva a súa zona de traballo.

***O alumnado e as posibles persoas alleas os talleres de peitados non poden acceder a área de almacén, so poderá acceder o profesorado, o cal será o encargado de coller o material ou cosmético que se precise na aula- taller.**

Normas a seguir, segundo a normativa:

- Os teléfonos móbiles estarán apagados e non se poderán usar na aula- taller sen o permiso expresos do profesor.
- No segundo curso de peiteado no réxime ordinario e de adultos, as tarefas prácticas serán realizadas sobre cabezas e sempre que sexa preciso sobre modelos reais (estes serán pequenos grupos de alumnas ou alumnos que serán modelos rotatorios dentro do grupo, ou sobre persoas alleas que virán en grupos de 1 ou 3 modelos en cada módulo, para os cales se habilitará unha zona da aula taller separada do grupo da clase, e sempre coa autorización e supervisión do profesorado, manteranse en todo momento as medidas preventivas Covid 19).
- No primeiro curso de peiteado no réxime ordinario e de adultos, realizarán as tarefas prácticas sobre cabezas ou mans artificiais, O longo do curso o profesorado valorará a posibilidade de realizar as tarefas prácticas sobre modelos reais estes serán pequenos grupos de alumnas ou alumnos que serán modelos rotatorios dentro do grupo, ou sobre persoas alleas que virán en grupos de 1 ou 3 modelos en cada módulo, para os cales se habilitará unha zona da aula- taller

separada do grupo da clase, e sempre coa autorización e supervisión do profesorado, manteranse en todo momento as medidas preventivas Covid 19).

- Os modelos reais alleos asinarán una autorización de consentimento, conforme se prestan de forma voluntaria a realización do traballo técnico que debe desenrolar o alumno ou alumna asignado ou asignada para a tarefa práctica. O modelo será recepcionado na entrada do centro polo alumnado encargado da tarefa práctica e levarao ata a aula- taller onde deberá seguir o protocolo das normas da aula- taller.
- Cada alumno e alumna é responsable do seu material persoal, o cal debe traer todos os días nun perfecto estado de limpeza e desinfección. Ademais deberá identificar o seu material e non se poderá compartir cos demais compañeiros ou compañeiras da clase.
- O uniforme debe lavarse todos os días, polo cal os luns, mércores e venres empregárase bata negra e os martes e xoves, camiseta negra.
- Facilitaráselle unha pantalla frontal a cada alumno e alumna, o seu uso será opcional, excepto cando o profesor considere imprescindible o seu uso en determinados traballos técnicos.
- O uso das taquillas é voluntario. Os titores poderán solicitar o seu uso e xestionarán a entrega e recollida de peches e o pago dun depósito de 5 euros, o cal será devolto ao entregar a pechadura despois de comprobar que está en bo estado.